

OS **LEMBRA** **NAVAL**

DO ISSGA

COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS NO SECTOR NAVAL



INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)

issga.xunta.gal

AUTORÍA:

Técnicos do servizo de prevención mancomunado da Cooperativa de Armadores de Pesca do Porto de Vigo (ARVI_ SPM Coapre):


Ramón Sancho Piñeiro, Jesús Clemente Expósito

COORDINACIÓN:

Diego Castro Balboa - ISSGA

Depósito legal: C XXXX-2025

Santiago de Compostela, abril, 2025



© ISSGA. Xunta de Galicia

Coordinación de actividades empresariais no sector naval

Esta obra está dispoñible para a súa consulta e descarga no seguinte enlace: issga.xunta.gal

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución-Compartirlgual 4.0 España de Creative Commons.

Para ver unha copia da licenza, visite:

https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES

OS **LEMBRA** NAVAL DO ISSGA

**COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS
NO SECTOR NAVAL**



Índice

Páxinas

COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS NO SECTOR NAVAL

CONCEPTOS E FIGURAS DE INTERESE	1
OBXECTIVOS	5
PROCEDEMENTO DE COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS	6
Preliminares	8
Inicio de obra	9
Transcurso de obra	12
Fin de obra	19
LEXISLACIÓN	20

CONCEPTOS E FIGURAS DE INTERESE



COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS A BORDO: ordenación preventiva responsable das tarefas (técnica e cronoloxicamente) relativas á seguridade laboral que deben realizar as empresas concorrentes a bordo dun buque en reparación ou de nova construción, tanto no mar como no estaleiro.

EMPRESARIO TITULAR DO CENTRO DE TRABALLO: a persoa que ten a capacidade de poñer á disposición e xestionar o estaleiro/varadoiro e/ou o buque.

EMPRESARIO PRINCIPAL: o empresario que contrata ou subcontrata con outros a realización de obras ou servizos correspondentes á súa propia actividade e que se desenvolven no seu propio centro de traballo.

BUQUE DE PESCA: embarcación utilizada con fins comerciais para a captura ou para a captura e acondicionamento do peixe e outros recursos vivos do mar.

CENTRO DE TRABALLO: calquera área na que as persoas traballadoras deban permanecer ou acceder por razón do seu traballo; xa que logo, o buque de pesca considérase centro de traballo.

BUQUE: embarcación de gran tamaño e solidez de certa importancia pola misión á que é destinado e polas longas travesías que se poden realizar con el.

ESTALEIRO: establecemento dedicado á construción e reparación de embarcacións.

VARADOIRO: instalación onde se varan as embarcacións para seren reparadas e realizarlles o mantemento necesario.

CONCEPTOS E FIGURAS DE INTERESE

CLASIFICACIÓN DAS OBRAS:

.Nova construción.

.Transformación, reforma ou gran reparación: calquera obra executada nun buque que teña ou poida ter influencia significativa sobre calquera aspecto da seguridade marítima. Por exemplo, alterar as dimensións ou características principais do buque, influír sobre a resistencia estrutural do buque ou sobre a súa estabilidade.

.Reparación: calquera obra que se lle realice a un buque ou a un dos seus elementos como consecuencia dunha avaría, accidente, defectos detectados, funcionamentos defectuosos ou, simplemente, como consecuencia de prácticas periódicas de mantemento e que non teñan nin poidan ter influencia significativa sobre ningún aspecto da seguridade marítima do buque. Execútanse habitualmente nas instalacións dun varadoiro.

.Reparación a flote: calquera obra executada nun buque mentres permanece atracado nas instalacións portuarias.

CONCORRENCIA DE ACTIVIDADES: desenvolvemento simultáneo de tarefas nun estaleiro ou a bordo dun mesmo buque executadas por persoal traballador de dúas ou máis empresas.

ARMADOR: o propietario rexistrado dun buque, excepto cando o buque sexa fretado con cesión da xestión náutica, ou sexa xestionado, total ou parcialmente, por unha persoa física ou xurídica distinta do propietario rexistrado en virtude dun acordo de xestión; neste caso, considérase que o armador é, segundo corresponda, o fretador a quen se lle cedeu a xestión náutica do buque ou a persoa física ou xurídica que efectúa a xestión do buque.



CONCEPTOS E FIGURAS DE INTERESE



INSPECTOR DE BUQUE: representante formal do armador que asume a máxima autoridade na reparación / mantemento a bordo.

COORDINADOR DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS: persoal propio ou contratado polo estaleiro ou o armador cunha formación mínima de nivel intermedio en materia preventiva. As súas funcións céntranse en velar pola seguridade a bordo durante o desenvolvemento dos traballos de construción, reparación ou mantemento do buque.

BOMBEIRO: traballadores especializados en prevención, detección e extinción de incendios a bordo, contratados polo estaleiro ou o armador que colaboran no proceso de actuación ante unha urxencia e dispoñen de formación en prevención e loita contra incendios.



CONCEPTOS E FIGURAS DE INTERESE



EMPRESA CONCORRENTE: taller especializado no sector naval contratado polo estaleiro ou armador para executar os traballos de construción/reparación/mantemento do buque e que poñerá á disposición durante o desenvolvemento das tarefas o seguinte persoal:

- **Traballadores:** persoal de talleres contratados para executar as tarefas.
- **Recursos preventivos:** traballadores designados polos talleres para exercer funcións de representación e preventivas cunha formación mínima de nivel básico en PRL.
- **Encargado ou xefe de equipo:** traballador que ten a representación tanto das das persoas traballadoras e recursos preventivos como dos labores desenvolvidos polo seu taller.

TRIPULANTES: todo traballador contratado polo armador que exerza unha actividade profesional a bordo dun buque, incluídas as persoas en período de formación e os aprendices, con exclusión do persoal de terra que realice traballos a bordo dun buque atracado no peirao e dos prácticos de porto.

OBXECTIVOS

A COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES
NA CONSTRUCCIÓN OU REPARACIÓN
DUN BUQUE DEBE GARANTIR:

A APLICACIÓN CORRECTA DOS
MÉTODOS DE TRABALLO POLAS
EMPRESAS CONCORRENTES
MEDIANTE:

- O establecemento de procedementos de traballo
- O establecemento de instrucións concretas en relación cos traballos que deben desenvolver as empresas concorrentes
- A vixilancia do seu cumprimento

A APLICACIÓN COHERENTE
DOS PRINCIPIOS DA ACCIÓN
PREVENTIVA:

- Evitar riscos
- Propoñer medidas correctoras
- Darlles as debidas instrucións aos traballadores
- Planificar a actividade preventiva

A IDENTIFICACIÓN E INFORMACIÓN
DE RISCOS EXISTENTES
NAS INSTALACIÓN DO ESTALEIRO,
VARADOIRO OU A BORDO DO BUQUE
QUE POIDAN AFECTAR OS
TRABALLADORES DAS EMPRESAS
CONCORRENTES

O CONTROL DAS INTERACCIÓNS
DAS DIFERENTES ACTIVIDADES
DESENVOLVIDAS MEDIANTE
A VIXILANCIA DAS
INCOMPATIBILIDADES DAS
TAREFAS QUE REALICEN OS
TALLERES CONCORRENTES

A ADOPCIÓN DE MEDIDAS PREVENTIVAS
ANTES DO INICIO DE TRABALLOS A BORDO, DE
APLICACIÓN TANTO AO BUQUE COMA AOS
TALLERES CONCORRENTES

PROCEDIMENTO DE COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS

En todas as obras, independentemente da súa clasificación, pódense distinguir **CATRO FASES** ben definidas.

PROCEDIMENTO CAE



FASE 1. PRELIMINARES: accións técnicas de despacho que cómpre realizar previamente ao inicio da obra

PARA REPARACIÓNS A FLOTE

- Solicitud de autorización ou comunicación de traballos a bordo ante as autoridades competentes
- Ante a Capitanía Marítima:
 - .Solicitará autorización de obra para obras de transformación, reforma ou gran reparación
 - .Comunicará os traballos de reparación ou mantemento que se van realizar a bordo
 - .Cumprirá as instrucións que lle sexan dadas
- Ante a Autoridade Portuaria:
 - .Informará sobre a autorización de obra ou comunicación de traballos de reparación ou mantemento realizados ante a Capitanía Marítima
 - .Cumprirá as instrucións que lle sexan dadas

PARA TODO TIPO DE OBRA

- Intercambio de información entre o estaleiro/varadoiro, armador e talleres concurrentes
- O estaleiro/varadoiro e armador informarán de:
 - .Riscos das instalacións do estaleiro/varadoiro
 - .Riscos propios do buque
 - .Medidas de prevención
 - .Medidas de emerxencia
 - .Instrucións e procedementos
 - .Medio/s de coordinación adoptado/s
- Os empresarios principais solicitarán documentación en materia de PRL; entre outras: avaliación de riscos, formación dos traballadores, certificados de aptitude, responsable de obra, recurso preventivo

PROCEDEMENTO DE COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS



FASE 2. INICIO DA OBRA: traballo técnico previo ao comezo da obra

- Reunións e intercambio de información.

.O coordinador e o inspector intercambian aspectos concretos acerca da obra que se vai executar

.O coordinador, o inspector e os recursos preventivos dos talleres intercambian información sobre aspectos concretos da obra que se vai executar



FASE 3. TRANSCURSO DA OBRA: accións técnicas como consecuencia de visitas ao buque

O coordinador velará polo cumprimento das medidas de prevención e xestionará a coordinación en canto se realizan as tarefas. O seguimento de todas as actuacións quedará rexistrado nun documento denominado diario de a bordo, que será específico para cada obra.



FASE 4. FIN DE OBRA: accións técnicas de despacho

Informe final e arquivo de documentación.

PROCEDIMENTO DE COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS

FASE 1. PRELIMINARES

1. No caso de reparación a a flote ou no varadoiro, información ao coordinador dos traballos que desenvolverá cada taller concorrente.
2. Presentación das solicitudes ou notificacións de obra ante as administracións competentes.
3. Elección dos medios de coordinación e traslado aos talleres concorrentes, considerándose como preferentes:
 - Designación dun coordinador de actividades empresariais
 - Intercambio de información
 - Presenza de recursos preventivos
 - Celebración de reunións periódicas
 - Intercambio de información entre o estaleiro/varadoiro, o armador e os talleres concorrentes:
 - . Remisión aos talleres de instrucións e procedementos de coordinación que se deben seguir no estaleiro e/ou a bordo
 - . Solicitude aos talleres de documentación en materia laboral e preventiva (TC2, avaliación de riscos, formación dos traballadores, certificados de aptitude médica, etc.)
4. Verificación e validación da documentación presentada polos talleres.

BUQUE EN REPARACIÓN			
ES OBLIGATORIO SEGUIR TODAS LAS NORMAS DE SEGURIDAD EN BASE A LA LEGISLACIÓN EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE RIESGOS LABORALES			
SEÑALES DE ADVERTENCIA			
			
			
			
SEÑALES DE OBLIGACIÓN			
			
			
			
SEÑALES DE PROHIBICIÓN			
			
TELEFONOS DE EMERGENCIA			
EMERGENCIAS	112	BOMBEROS	080
SALVAMENTO MARITIMO	900202202	AUTORIDAD PORTUARIA	
AMBULANCIA	061	COORDINADOR	
ARMADORA		INSPECTOR	

PROCEDIMENTO DE COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS

FASE 2. INICIO DA OBRA

No caso dunha reparación, en **PRIMEIRO LUGAR**, celébrase unha reunión entre o coordinador designado e o inspector co obxecto de que coñezan aspectos concretos da obra que se vai executar.

O COORDINADOR ANTE O INSPECTOR

1.

Identificación das zonas do buque afectadas polos traballos

2.

Identificación das actividades que se van realizar a bordo

3.

Identificación dos medios de seguridade dispoñibles a bordo

4.

Establecemento das medidas de prevención e de seguridade necesarias



PROCEDIMENTO DE COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS

FASE 2. INICIO DA OBRA

En **SEGUNDO LUGAR**, celébrase unha reunión entre o coordinador designado, o inspector, de ser o caso, e os talleres concorrentes co obxecto de que compartan información laboral e preventiva sobre aspectos concretos da obra que vai realizar cada un deles.

O COORDINADOR ANTE O INSPECTOR E RECURSOS PREVENTIVOS

1.



Exposición dos procedementos que cómpre seguir durante a obra

2.



Exposición das normas básicas que deben terse en conta (coordinador, uso de equipos de protección, horarios, etc.)

3.



Planificación dos traballos que vai executar cada taller

PROCEDEMENTO DE COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS

4.



Previsión de posibles incompatibilidades e, se procede, establecemento de prioridades na secuencia de desenvolvemento de determinados traballos

5.



Indicación das tarefas que requiren unha autorización, mediante permiso de traballo, para a súa execución

6.



No seu caso, comunicación sobre o estado do buque, informando, entre outros, de situación de tanques e zonas adxacentes á realización de determinados traballos



PROCEDIMENTO DE COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS

FASE 3. TRANSCURSO DA OBRA

Diariamente o coordinador fai unha visita á obra cos seguintes obxectivos, entre outros:

OBXECTIVOS

1.

REALIZAR UN
CHEQUEO DOS
OPERARIOS

2.

COÑECER AS
DESVIACIÓNS SOBRE A
PLANIFICACIÓN DAS
ACTIVIDADES

3.

INTERCAMBIO DE
INFORMACIÓN ANTE
CALQUERA TIPO DE
INCIDENCIA

4.

XESTIONAR OS
PERMISOS
DE TRABALLO

5.

RESOLVER AS
INCOMPATIBILIDADES

6.

ACTUALIZAR AS
ACTIVIDADES E
ZONAS AFECTADAS
NA REPARACIÓN

7.

INFORMAR DE
INCIDENCIAS

8.

VIXIAR OS PRINCIPAIS
RISCOS QUE SE PODEN
PRESENTAR A BORDO



PROCEDIMENTO DE COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS

FASE 3. TRANSCURSO DA OBRA

1.
REALIZAR UN CHEQUEO DOS
OPERARIOS



Comprobando o persoal asignado por cada taller.

2.
COÑECER AS DESVIACIÓNS
SOBRE A PLANIFICACIÓN DAS
ACTIVIDADES



Comprobando se a secuencia de execución dos traballos a bordo se desenvolve segundo o previsto e planificado.

3.
INTERCAMBIO DE
INFORMACIÓN ANTE
CALQUERA TIPO DE
INCIDENCIA



Todas as empresas deben:

- Comunicarlle ao coordinador calquera accidente con baixa e calquera incidente que puiden ocasionar un accidente con baixa, así como todo cambio substancial que poida acontecer no transcurso da construción ou reparación
- Actualizar a documentación
- Comunicar as situacións de risco



PROCEDEMENTO DE COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS

FASE 3. TRANSCURSO DA OBRA

4. XESTIONAR OS PERMISOS DE TRABALLO

Entre outras, o taller solicitará autorización por escrito para o desenvolvemento das seguintes actividades:

- Traballos «en quente» (soldadura, oxicorte...)
- Carga e descarga de combustibles, así coma a súa trasfega
- Desgasificación e limpeza de tanques ou de calquera recinto que contivese substancias inflamables
- Traballos de pintura
- Proxección de illantes, poliéster, etc
- Acceso a espazos confinados

O permiso de traballo deberá ser asinado polo coordinador, polo inspector e polo recurso preventivo.



PROCEDIMENTO DE COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS

FASE 3. TRANSCURSO DA OBRA

5. RESOLVER AS INCOMPATIBILIDADES



Establecendo prioridades na secuencia de realización das tarefas cando concorran actividades incompatibles entre si nunha mesma área ou zona adxacente de traballo.

CADRO DE INCOMPATIBILIDADES

	Traballos «en quente» (soldadura, oxicorte, etc.)	Pintura / revestimentos	Manipulación de combustible	Atmosferas explosivas (tanques combustible)
Traballos «en quente» (soldadura, oxicorte, etc.)	Compatibles	Incompatibles	Incompatibles	Incompatibles
Pintura / revestimentos	Incompatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles
Manipulación de combustible	Incompatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles
Atmosferas explosivas (tanques combustible)	Incompatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles



PROCEDIMENTO DE COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS

FASE 3. TRANSCURSO DA OBRA

6. ACTUALIZAR AS ACTIVIDADES E ZONAS AFECTADAS NA REPARACIÓN



Comprobando se se desenvolverán tarefas non previstas inicialmente na planificación de traballos.

7. INFORMAR DE INCIDENCIAS



- Toda deficiencia leve detectada deberá serlle comunicada polo coordinador ao recurso preventivo da empresa para a súa reparación. Se a tal deficiencia se reitera por parte dunha empresa, debe levantarse parte de incidencia e entregárselle copia ao recurso preventivo.
- Toda deficiencia grave deberá ser comunicada e entrañará a paralización da execución dos traballos ata a súa resolución.

PROCEDEMENTO DE COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS

FASE 3. TRANSCURSO DA OBRA

7. INFORMAR DE INCIDENCIAS

Préstase especial atención a:

- . Traballos en/ou xeradores de atmosferas explosivas ou tóxicas
- . Traballos en espazos confinados
- . Tránsito, carga e descarga de combustible
- . Traballos «en quente» ou con proxección de chispas
- . Uso de equipos de protección individual
- . Zonas de almacenamento de material
- . Vías de paso e evacuación
- . Traballos en altura
- . Cadros e cables eléctricos, mangueras de gas
- . Orde e limpeza



PROCEDIMENTO DE COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS

FASE 3. TRANCURSO DA OBRA

8.

VIXIAR OS PRINCIPAIS RISCOS QUE SE PODEN PRESENTAR A BORDO

Riscos do propio buque:

- . Caída de persoas a distinto / mesmo nivel
- . Explosións
- . Incendios
- . Ruído
- . Contacto eléctrico
- . Atrapamentos

Riscos de concorrencia de actividades:

- . Caída ao mesmo nivel
- . Caída de obxectos desprendidos
- . Pisadas sobre obxectos
- . Proxección de fragmentos ou partículas
- . Contactos eléctricos
- . Explosións
- . Incendios
- . Inhalación ou inxestión de substancias nocivas
- . Ruído



PROCEDIMENTO DE COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS

FASE 4. FIN DE OBRA

Cando os talleres concorrentes rematan os traballos a bordo, o coordinador dá por finalizada a obra realizando os seguintes trámites:

TRÁMITES

ELABORACIÓN:

Informe final:
· Accidentabilidade
· Cumprimento da normativa en PRL

ARQUIVO DOCUMENTACIÓN:

· Diario de a bordo
· Documentación facilitada polos talleres

LEXISLACIÓN

Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais.

Real decreto 39/1997, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.

Lei 54/2003, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais.

Real decreto 1837/2000, polo que se aproba o Regulamento de inspección e certificación de buques civís.

Real decreto 1216/1997, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde no traballo a bordo dos buques de pesca.

Real decreto 171/2004, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais.

Real decreto 681/2003, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores expostos aos riscos derivados de atmosferas explosivas no lugar de traballo.

Instrucións de seguridade das autoridades portuarias

Decreto 3384/1971, sobre revisión do Regulamento de recoñecemento de buques e embarcacións mercantes.



[ISSGA.XUNTA.GAL](https://issga.xunta.gal)



INSTITUTO DE
SEGURIDADE E SAÚDE
LABORAL DE GALICIA